ESQUEMA RESUMO

O TEATRO ACTUAL

	XERACIÓNS E GRUPOS	AUTORES E OBRAS	
A nova dramaturxia	**O grupo de Rivadavia, I Mostra (1973)** • Acabaron coa diglosia. • Estimularon un teatro fácil de representar. • Comeza a se desenvolver o teatro infantil. • Contribuíron decisivamente, na normalización do teatro na 2ª metade do século XX.	**Manuel Lourenzo**, ensaísta teatral	*Romaría ás covas do demo* (1975)
		Euloxio Rodríguez Ruibal	*Zardigot* (1974)
		Roberto Vidal Bolaño	*Laudamaco, Señor de Ningures* (1976)
	A xeración dos oitenta. • Moi heteroxénea: recorrencia ao metateatro, humor, ironía, anonimia dos personaxes, simbolismo... • Xorde o teatro profesional e as primeiras compañías estables: Sarabela, CDG, Teatro do Atlántico, Chévere, Matarile, Teatro do Morcego..	**Xesús Pisón**	*O rei aborrecido* (1984)
		João Guisán Seixas	*Um cenário chamado Frederico* (1985)
		M. Anxo Fernán Vello	*A casa dos afogados* (1990)
		Xosé Cid Cabido	*Copenhague* (1992)

	A xeración dos noventa. • Premios e concursos fomentan o panorama teatral: Premio Álvaro Cunqueiro e premios María Casares entre outros. • As tendencias son heteroxéneas: teatro existencialista, do absurdo, teatro experimental e de ambientación urbana. Continúan, asemade, as tendencias anteriores. • Amplíase o número de compañías: Teatro de Lúa, Teatro do Aquí, Áncora, Ollomoltranvía, Factoría Teatro, Balea Branca ou Teatro Bruto.	**Candido Pazó.**	*Comedia, un xoguete para Goldoni* (1993). *O bululú do linier* (1999). *Ñiqui-Ñaque* (2002)
		Lino Braxe.	A actriz (1993)
		Miguel Anxo Murado.	*A gran noite de Fiz* (1994), adaptación do argumento dunha obra de Maquiavelo. *Historias peregrinas* (1995).
		Suso de Toro.	*Unha rosa e unha rosa* (1997)
	O novo milenio. • Consolídase o número de autores e actores, e mellora a calidade literaria. • Aumenta a produción e a adaptación de textos non teatrais ou de clásicos. • Procúrase a captación de público a través de varias vías: - Aumentan os lugares para ver espectáculos: amplíanse os circuítos teatrais, funcionan as salas alternativas como A Nasa ou Teatro Galán; e aumentan os espectáculos de animación na rúa e o papel dos narradores orais	**Teatro do Atlántico:** *Ecos e voces dun tempo* (2002) Áncora: *Footing* (2001). Quico Cadaval: Adaptación en 1999 de *Se o vello Sinbad, volvese ás illas.* Matarile: *O brazo partido* (2001). *Historia natural* (2006). Sarabela: *Sexismunda* (2001), *O heroe (*2005). Librescena: *O morte e a doncela* (2001). Chévere: *Río Bravo* (1990), *Clownfútbol* (2001). Os espectáculos de monicreques de Kukas con *Xan Trapallas* (2002). Teatro do Atlántico: *O encoro* (2005). CDG: *Illa Reunión, Medos, Eurípides* (2006), *Glass City (*2009)	

	(contacontos). Internet estase a converter noutra alternativa de difusión para o teatro na actualidade. - A provocación do riso no espectador grazas a un teatro cada vez máis experimental centrado na parodia e ironía dentro da comedia, na mestura de modalidades teatrais nunha mesma obra (o costumismo co absurdo) e en técnicas como o clown e a improvisación coas cales perde importancia. - A creación de obras destinadas a un público xuvenil e infantil.	Factoría Teatro: *Tío Vania* (2006). RTA: *Hamlet* (2006).

Liñas temáticas do teatro actual

Durante a etapa do teatro independente a produción teatral marcada polo compromiso político e social en medio da situación de ditadura e transición que lles tocaba vivir. A partir de 1980 xurdiron novas tendencias:

- **A crítica social.** Condénanse aspectos da sociedade, case sempre tinguidos cunha crítica de humor. Son exemplos deste compromiso **Xesús Pisón, Manuel Riveiro Loureiro, Xosé Cid Cabido, Alberto Avendaño**...

- **O culturalismo.** Ao contrario do que pasa na lírica, non se trata dunha tendencia rupturista, pois a maior parte dos seus temas e dos seus recursos estaban xa presentes no grupo Abrente. É un teatro que se caracteriza pola reflexión sobre si mesmo e polas relacións que establece entre a arte e a vida.

  Os dramaturgos incluídos nesta liña constitúen o grupo da «mirada culta»: **Miguel Anxo Fernán-Vello, Luísa Villalta, Inma Antonio Souto, Henrique Rabunhal, Lino Braxe ou Francisco Souto.**

- **O neorruralismo**. Esta corrente enlaza coa tradición de preguerra a través da modernización e actualización destes temas, que levan a cabo autores como **Xosé Agrelo, Francisco Taxes e, sobre todo, Raúl Dans.**

- **A intertextualidade.** Trátase da volta aos clásicos da dramaturxia universal cultivada seguindo dúas tendencias:

  - A do **grupo Abrente**, que trata de afondar en cuestións que afectan ao ser humano.

  - A de autores posteriores, que pretenden entreter e divertir ao público, como é caso de **Cándido Pazó, Miguelanxo Murado, Manuel Guede ou Eduardo Alonso**. Isto supuxo un incremento no cultivo da comedia en todas as súas vertentes. Nesta vía destacan ademais **Roberto Salgueiro, Suso de Toro e Manuel Nuñez Singala.**

- **O teatro histórico.** Xa traballado por Agustín Magán nas Mostras de Ribadavia, continúa en vixencia da man de **Millán Picouto, Mª Xosé Queizán, Cándido Pazó ou Xosé Lois García Fernández.**